



MEMORIA FUNCIONAL DA PROPOSTA DE MODIFICACION DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional cuarta, outorgou autorización ao Consello da Xunta de Galicia para a creación da Axencia Galega de Infraestruturas, adscrita á consellería competente en materia de infraestruturas.

O Decreto 173/2011, do 4 de agosto, crea a Axencia Galega de Infraestruturas e aproba os seus estatutos. A súa natureza xurídica é a de axencia pública autonómica que se encadra dentro das entidades públicas instrumentais reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Neste decreto prevese que o persoal que presta servizos na Dirección Xeral de Infraestruturas pase a desempeñar postos de traballo na Axencia Galega de Infraestruturas e a prestar servizos nela (disposición adicional terceira), así como a subsistencia de órganos (disposición transitoria segunda), e o mantemento da relación de postos de traballo da Dirección Xeral de Infraestruturas e dos servizos de infraestruturas das xefaturas territoriais ata a elaboración e aprobación da relación de postos de traballo inicial da axencia (disposición transitoria terceira).

Así mesmo, no artigo 25 do citado Decreto 173/2011, do 4 de agosto, establécese que a relación de postos de traballo da axencia determinará a natureza, contido e características do desempeño e retribución de cada posto de traballo, de acordo co disposto na normativa de función pública, e que a dita relación será pública. A súa aprobación correspóndelle ao Consello Reitor, por proposta da Dirección, logo do informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e función pública, someténdose na súa tramitación á normativa xeral establecida na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia sobre aprobación destes instrumentos de planificación de persoal.

A disposición derradeira primeira do decreto 37/2017, do 6 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, modifica o Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproban os estatutos da Axencia Galega de Infraestruturas, no cal, se leva a cabo unha profunda reorganización da Axencia co fin de adaptar a súa estrutura e funcións ás novas tarefas que nos últimos tempos lle son obxecto de encarga polos distintos Departamentos da Xunta de Galicia.

En concreto, a Disposición transitoria terceira do Decreto 37/2017, do 6 de abril, establece que *“a Axencia asumirá as encomendas que lle realicen en materia de*



obra civil e edificación nos ámbitos sanitarios, sociais e educativos. Progresivamente, poderá asumir novas encomendas e encargos que, dos restantes ámbitos da Administración, lle poidan efectuar as distintas consellerías e entidades públicas delas dependentes, en materia de obra civil e edificación, na medida en que se dote a Axencia dos medios necesarios para levalas a cabo”.

Ademais, e co obxecto de optimizar os recursos, o Decreto 37/2017 acomete unha redistribución de funcións de natureza xurídica, encomendándolle á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda as funcións de instrución e proposta de resolución dos expedientes de responsabilidade en materia de estradas, así como a tramitación e proposta de resolución de expedientes sancionadores pola comisión de infraccións en materia de estradas, que ata ese momento se viñan desenvolvendo no seo da Axencia.

De conformidade co anteriormente sinalado a relación de postos de traballo (RPT) que agora se presenta persegue os seguintes obxectivos:

1º Adecuación da RPT da Axencia Galega de Infraestruturas á nova estrutura orgánica fixada polo Decreto 37/2017, do 6 de abril.

2º A asunción de postos de traballo procedentes da Consellería de Política Social, tal e como se reflicte no Acordo de traspaso de medios persoais entre a Consellería de Política Social e a Axencia Galega de Infraestruturas, asinado con data do 4 de maio de 2017, que se xunta como Anexo a esta memoria.

3º A creación e amortización de postos de traballo dependentes dos centros directivos e dos servizos provinciais, froito da reorganización administrativa da Axencia Galega de Infraestruturas, coa finalidade de acadar unha maior racionalidade e eficacia no desenvolvemento das tarefas encomendadas.

4º Modificación das formas de provisión das xefaturas de servizo dependentes da Axencia

5º A adecuación da RPT á estrutura por áreas funcionais conforme ao disposto na Orde do 10 de maio de 2017, pola que se modifica a Orde de 21 de novembro de 1989 pola que se fixan os criterios xerais para a elaboración das relacións de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, e se aproba o modelo e se ditan instrucións para o cubrir.

6º. Adaptación da RPT aos Corpos/Escalas definidos pola Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia

7º Outras modificacións: recodificación de postos de traballo e cambios de denominación para dotar de maior uniformidade á relación de postos de traballo



1.-MODIFICACIÓNS POSTOS DE RPT DERIVADOS DO DECRETO 37/2017 DE ESTRUCTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA.

Tal e como xa se expuso anteriormente, e segundo a Disposición transitoria terceira do Decreto 37/2017 de 6 de abril, a Axencia Galega de Infraestruturas, desde a aprobación do dito decreto, asumirá as encomendas que lle realicen en materia de obra civil e edificación nos ámbitos sanitarios, sociais e educativos. Progresivamente, poderá asumir novas encomendas e encargos que, dos restantes ámbitos da Administración, lle poidan efectuar as distintas consellerías e entidades públicas delas dependentes, en materia de obra civil e edificación, na medida en que se dote a Axencia dos medios necesarios para levalas a cabo.

Ademais, en virtude do Decreto 37/2017, as funcións de instrución e proposta de resolución dos expedientes de responsabilidade en materia de estradas, así como a tramitación e proposta de resolución de expedientes sancionadores pola comisión de infraccións en materia de estradas, que ata ese momento se viñan desenvolvendo no seo da Axencia pasan a ser asumidas pola Secretaría Xeral Técnica, a través da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico Administrativo

Como consecuencia do anterior, a estrutura orgánica da Axencia sufriu unha serie de modificacións que se deben reflectir na RPT e que se concretaron en:

1. 1 CREACIÓNS

| UNIDADE ADMINISTRATIVA | CÓDIGO | DENOMINACIÓN | GRUPO/SUB GRUPO | NIVEL |
|---------------------------------------|-------------------------|-------------------------------------|-----------------|-------|
| ÁREA DE CONTRATACIÓN E ADMINISTRACIÓN | IV.X01.00.001.15770.130 | XEFATURA DE SERVIZO DE CONTRATACION | A1-A2 | 28A |

O Servizo de Contratación créase co obxectivo de mellorar a tramitación dos expedientes contractuais competencia desta entidade, ao tempo de satisfacer de xeito eficiente as encomendas que se efectúen en materia de obra de edificación.

1.2 AMORTIZACIÓNS

| UNIDADE ADMINISTRATIVA | CÓDIGO | DENOMINACION | GRUPO | NIVEL |
|---|-------------------------|--------------|-------|-------|
| DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DA CORUÑA | MA.X99.10.000.15001.220 | LEGOEIRO/A | IV | 31 |
| DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE OURENSE | MA.X99.10.000.32001.216 | LEGOEIRO/A | IV | 31 |
| DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE OURENSE | MA.X99.10.000.32001.257 | LEGOEIRO/A | IV | 31 |

Para financiar a creación da Xefatura de Servizo de Contratación amortízanse estes postos vacantes cuxa cobertura non resulta necesaria para o desenvolvemento das competencias da Axencia Galega de Infraestruturas



1.3 CAMBIOS DE DENOMINACIÓN

Con carácter xeral, a necesidade de adecualos ás tarefas encomendadas polo decreto de estrutura orgánica, xustifica os cambios na denominación dos seguintes postos de traballo

➤ En servizos centrais

| RPT VIXENTE | | | MODIFICACIÓN PROPOSTA | | |
|-------------------------|---------------------------------------|--|-------------------------|---|--|
| CÓDIGO | UNIDADE ADMINISTRATIVA | DENOMINACIÓN | CÓDIGO | UNIDADE ADMINISTRATIVA | DENOMINACIÓN |
| MA.X01.00.001.15770.001 | ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN | XEFATURA ÁREA PLANIFIC. E PROGRAMAC. (SUBD. XERAL) | IV.X01.00.002.15770.001 | ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROXECTOS | XEFATURA ÁREA PLANIFIC. E PROXECTOS (SUBD. XERAL) |
| MA.X01.00.001.15770.050 | ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN | XEFATURA SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN | IV.X01.00.002.15770.050 | ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROXECTOS | XEFATURA SERVIZO DE PLANIFICACIÓN |
| MA.X01.00.002.15770.001 | ÁREA DE OBRAS | XEFATURA ÁREA DE OBRAS (SUBD. XERAL) | IV.X01.00.003.15770.001 | ÁREA DE CONSTRUCCIÓN, EXPLOTACIÓN E SEGURIDADE VIARIA | XEFATURA ÁREA CONSTR. EXPLOT. E S.V. (SUBD. XERAL) |
| MA.X01.00.002.15770.050 | ÁREA DE OBRAS | XEFATURA SERVIZO DE OBRAS | IV.X01.00.003.15770.050 | ÁREA DE CONSTRUCCIÓN, EXPLOTACIÓN E SEGURIDADE VIARIA | XEFATURA SERVIZO DE OBRA CIVIL |
| MA.X01.00.002.15770.100 | ÁREA DE OBRAS | XEFATURA SERVIZO XESTIÓN VÍAS DE ALTA CAPACIDADE | IV.X01.00.003.15770.100 | ÁREA DE CONSTRUCCIÓN, EXPLOTACIÓN E SEGURIDADE VIARIA | XEFATURA SERVIZO CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA |
| MA.X01.00.003.15770.050 | ÁREA DE SEGURIDADE VIARIA | XEFATURA SERVIZO SEGURIDADE VIARIA E CONSERVACIÓN | IV.X01.00.003.15770.150 | ÁREA DE CONSTRUCCIÓN, EXPLOTACIÓN E SEGURIDADE VIARIA | XEFATURA SERVIZO DE CONSERVACIÓN |
| MA.X01.00.003.15770.100 | ÁREA DE SEGURIDADE VIARIA | XEFATURA SERVIZO DE EXPLOTACIÓN | IV.X01.00.003.15770.170 | ÁREA DE CONSTRUCCIÓN, EXPLOTACIÓN E SEGURIDADE VIARIA | XEFATURA SERVIZO EXPLOTACIÓN E SEGURIDADE VIARIA |
| MA.X01.00.004.15770.050 | ÁREA DE CONTRATACIÓN E ADMINISTRACIÓN | XEFATURA SERVIZO XESTIÓN ECONÓMICO ADMINISTRATIVA | IV.X01.00.001.15770.100 | ÁREA DE CONTRATACIÓN E ADMINISTRACIÓN | XEFATURA SERVIZO XESTIÓN ECONÓMICA |
| MA.X01.00.004.15770.150 | ÁREA DE CONTRATACIÓN E ADMINISTRACIÓN | XEFATURA SERVIZO DE APOIO TÉCNICO | IV.X01.00.001.15770.050 | ÁREA DE CONTRATACIÓN E ADMINISTRACIÓN | XEFATURA SERVIZO DE APOIO ADMINISTRATIVO |

➤ Nos servizos provinciais

| RPT VIXENTE | | | MODIFICACIÓN PROPOSTA | | |
|-------------------------|--|---|-------------------------|---|------------------------------------|
| CÓDIGO | UNIDADE ADMINISTRATIVA | DENOMINACIÓN | CÓDIGO | UNIDADE ADMINISTRATIVA | DENOMINACIÓN |
| MA.X99.10.000.15001.001 | DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DA CORUÑA | XEFATURA SERVIZO DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXI | IV.X99.10.000.15001.001 | SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DA CORUÑA | XEFATURA SERVIZO PROVINCIAL DA AXI |
| MA.X99.10.000.27001.001 | DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE LUGO | XEFATURA SERVIZO DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXI | IV.X99.10.000.27001.001 | SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE LUGO | XEFATURA SERVIZO PROVINCIAL DA AXI |
| MA.X99.10.000.32001.001 | DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE OURENSE | XEFATURA SERVIZO DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXI | IV.X99.10.000.32001.001 | SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE OURENSE | XEFATURA SERVIZO PROVINCIAL DA AXI |
| MA.X99.10.000.36001.001 | DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE PONTEVEDRA | XEFATURA SERVIZO DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXI | IV.X99.10.000.36001.001 | SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE PONTEVEDRA | XEFATURA SERVIZO PROVINCIAL DA AXI |



1.4 CAMBIOS DE DENOMINACIÓN E DEPENDENCIA

| RPT VIXENTE | | | MODIFICACIÓN PROPOSTA | | |
|-------------------------|---------------------------------------|--|-------------------------|---|---|
| CÓDIGO | UNIDADE ADMINISTRATIVA | DENOMINACIÓN | CÓDIGO | UNIDADE ADMINISTRATIVA | DENOMINACIÓN |
| MA.X01.00.004.15770.100 | ÁREA DE CONTRATACIÓN E ADMINISTRACIÓN | XEFATURA SERVIZO XESTIÓN XURÍDICA ADMINISTRATIVA | IV.C02.00.003.15770.050 | S. X. DE RÉXIME XURÍDICO-ADMINISTRATIVO | XEFATURA DE SERVIZO TÉCNICO XURÍDICO II |
| PS.C02.00.006.15770.010 | S. X. DE PROXECTOS E ACCESIBILIDADE | XEFATURA SERVIZO SUPERVISIÓN DE PROXECTOS | IV.X01.00.003.15770.070 | ÁREA DE CONSTRUCCIÓN, EXPLOTACIÓN E SEGURIDADE VIARIA | XEFATURA SERVIZO DE OBRA DE EDIFICACIÓN |

O cambio de dependencia e denominación do posto de Xefatura de Servizo de Xestión Xurídico Administrativa, ata o de agora adscrito á Área de Contratación e Administración da Axencia Galega de Infraestruturas, e que pasa a depender da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico Administrativo na Secretaría Xeral, obedece á optimización de recursos que se persegue, de xeito tal que se manteñen as súas funcións pero pasando a depender da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, unidade responsable da redacción das propostas de resolución de expedientes sancionadores e de reposición, pola comisión de infracción tipificadas na normativa de estradas, así como da coordinación das funcións xurídico-administrativas dentro da consellería.

Tamén se reflicte nesta modificación da RPT o cambio de dependencia e denominación do posto Xefatura de Servizo de Supervisión de Proxectos que, tralo Acordo de traspaso de medios persoais asinado entre a Consellería de Política Social e a Axencia Galega de Infraestruturas o de 4 de maio de 2017, pasa a denominarse Servicio de Obra de Edificación, adscrito funcionalmente á Area de Construcción, Explotación e Seguridade Viaria.

2. MODIFICACIÓNS DA RPT DERIVADAS DO ACORDO DE TRASPASO DE MEDIOS PERSOAIS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL Á AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

Como xa se ven manifestando nesta memoria, o Decreto 37/2017, do 6 de abril, presenta como novidade, desde o punto de vista funcional, a atribución á Axencia Galega de Infraestruturas de novas funcións en materia de obras de edificación, o que permitirá mellorar a tramitación dos expedientes contractuais e ao tempo satisfacer de xeito eficiente as encomendas que se efectúen en materia de obra de edificación.

Lograse así agrupar nunha soa entidade, a licitación, xestión e execución dos expedientes de contratación de obras, non só en materia de estradas senón tamén de edificación.

Para a súa efectividade, no xa mencionado Acordo de traspaso asinado coa Consellería de Política Social, ademais do posto de Xefatura de Servizo de Supervisión de Proxectos, pasan a depender da AXI os postos que deseguido se detallan:



| RPT VIXENTE | | | MODIFICACIÓN PROPOSTA | | |
|-------------------------|-------------------------------------|--|-------------------------|---|--|
| CÓDIGO | UNIDADE ADMINISTRATIVA | DENOMINACIÓN | CÓDIGO | UNIDADE ADMINISTRATIVA | DENOMINACIÓN |
| PS.CO2.00.004.15770.050 | S. X. DE CONTRATACIÓN E CONTROL | XEFATURA NEGOCIADO ADMINISTRATIVO | IV.X01.00.003.15770.072 | ÁREA DE CONSTRUCCIÓN, EXPLOTACIÓN E SEGURIDADE VIARIA | XEFATURA NEGOCIADO |
| PS.CO2.00.006.15770.031 | S. X. DE PROXECTOS E ACCESIBILIDADE | ARQUIRECTO/A TECNICO/A FUNCIONS FACULTATIVAS | IV.X01.00.000.15770.038 | AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI) | ARQUIRECTO/A TECNICO/A FUNCIONS FACULTATIVAS |

3.- CREACIÓNS E AMORTIZACIÓNS DE POSTOS DE TRABALLO

As novas tarefas asumidas pola Axencia Galega de Infraestruturas, froito das encomendas realizadas e que se vaian a realizar polos distintos departamentos da Xunta de Galicia, así como doutros entes do sector público autonómico, fan preciso dotar á Área de Contratación e Administración, responsable, entre outras, da tramitación, seguimento e control dos expedientes de contratación administrativa da Axencia, de persoal administrativo para o apoio na tramitación dos procedementos de contratación pública.

Tamén, e polo mesmo motivo, na Área de Construcción, Explotación e Seguridade, encargada, entre outras, do seguimento e control da execución das obras en materia de edificación, é necesaria a creación de postos de persoal técnico cualificado para levar a cabo as competencias encomendadas.

Dótase ademais nesta area dunha xefatura de negociado administrativa de apoio á tramitación administrativa dos expedientes de autorizacións nas zonas de influencia da rede viaria.

Igualmente, a través desta modificación da RPT créanse 2 xefaturas de negociado administrativo na Área de Planificación e Proxectos para o apoio na tramitación e coordinación dos informes ambientais, urbanísticos e territoriais preceptivos nos procedementos de elaboración e aprobación dos proxectos de infraestruturas de estradas e edificación.

Finalmente, nos Servizos provinciais da Axencia Galega de Infraestruturas refórzase, por unha banda, a área técnica, onde se crean xefaturas de sección técnica, para a elaboración dos informes técnicos, tanto de seguimento e execución de obras como para a instrución de expedientes sancionadores polas infraccións tipificadas na lexislación autonómica en materia de estradas, así como para o seguimento e control dos contratos de conservación ordinaria e vialidade invernada, entre outros, e, por outro lado a área de administración, créandose postos de xefatura de negociado administrativo para o apoio na xestión administrativa responsabilidade dos servizos provinciais.



3.1 CREACIÓNS

| CÓDIGO DO POSTO | DENOMINACIÓN | UNIDADE ADMINISTRATIVA | NIVEL | GRUPO/SUBG | CORPO | ADM |
|-------------------------|--|---|-------|------------|-------|-----|
| IV.X01.00.000.15770.025 | ARQUITECTO/A SUPERIOR DE FUNCIÓNS FACULTATIVAS | DIRECCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS | 26 | A1 | ESA | AXG |
| IV.X01.00.001.15770.026 | ARQUITECTO/A SUPERIOR DE FUNCIÓNS FACULTATIVAS | DIRECCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS | 26 | A1 | ESA | AXG |
| IV.X01.00.001.15770.140 | XEFATURA NEGOCIADO I | ÁREA DE CONTRATACIÓN E ADMINISTRACIÓN | 18 | A2-C1-C2 | Xeral | AXG |
| IV.X01.00.001.15770.142 | XEFATURA NEGOCIADO II | ÁREA DE CONTRATACIÓN E ADMINISTRACIÓN | 18 | A2-C1-C2 | Xeral | AXG |
| IV.X01.00.002.15770.076 | XEFATURA NEGOCIADO | ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROXECTOS | 18 | A2-C1-C2 | Xeral | AXG |
| IV.X01.00.002.15770.105 | XEFATURA NEGOCIADO | ÁREA DE PLANIFICACIÓN E PROXECTOS | 18 | A2-C1-C2 | Xeral | AXG |
| IV.X01.00.003.15770.015 | XEFATURA DE SECCIÓN TÉCNICA I | ÁREA DE CONSTRUCCIÓN, EXPLOTACIÓN E SEGURIDADE VIARIA | 25 | A2 | EME2 | AXG |
| IV.X01.00.003.15770.080 | XEFATURA DE SECCIÓN TÉCNICA II | ÁREA DE CONSTRUCCIÓN, EXPLOTACIÓN E SEGURIDADE VIARIA | 25 | A2 | EMA | AXG |
| IV.X01.00.003.15770.085 | XEFATURA DE SECCIÓN TÉCNICA III | ÁREA DE CONSTRUCCIÓN, EXPLOTACIÓN E SEGURIDADE VIARIA | 25 | A2 | EMA | AXG |
| IV.X01.00.003.15770.175 | XEFATURA NEGOCIADO | ÁREA DE CONSTRUCCIÓN, EXPLOTACIÓN E SEGURIDADE VIARIA | 18 | A2-C1-C2 | Xeral | AXG |
| IV.X99.10.000.15001.057 | XEFATURA NEGOCIADO ADMINISTRATIVO V | SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DA CORUÑA | 18 | A2-C1-C2 | Xeral | AXG |
| IV.X99.10.000.15001.065 | XEFATURA SECCIÓN TÉCNICA II | SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DA CORUÑA | 25 | A2 | EME1 | AXG |
| IV.X99.10.000.27001.040 | XEFATURA SECCIÓN TÉCNICA II | SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE LUGO | 25 | A2 | EME1 | AXG |
| IV.X99.10.000.32001.065 | XEFATURA SECCIÓN TÉCNICA II | SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE OURENSE | 25 | A2 | EME1 | AXG |
| IV.X99.10.000.36001.045 | XEFATURA SECCIÓN TÉCNICA II | SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE PONTEVEDRA | 25 | A2 | EME1 | AXG |
| IV.X99.10.000.36001.018 | XEFATURA NEGOCIADO ADMINISTRATIVO III | SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE PONTEVEDRA | 18 | A2-C1-C2 | Xeral | AXG |
| IV.X99.10.000.36001.019 | XEFATURA NEGOCIADO ADMINISTRATIVO IV | SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE PONTEVEDRA | 18 | A2-C1-C2 | Xeral | AXG |



3.2 AMORTIZACIÓNS

Todas as creacións previstas fináncianse coas amortizacións dos postos vacantes que deseguido se relacionan e cuxa cobertura non resulta necesaria para o desenvolvemento das competencias da Axencia Galega de Infraestruturas

| CÓDIGO DO POSTO | DENOMINACIÓN DO POSTO | UNIDADE DE ORIXE | LOCALIDADE |
|-------------------------|--|--|------------------------|
| MA.X01.00.000.15770.003 | SECRETARIO/A XEFE/A DE AREA | AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS | SANTIAGO DE COMPOSTELA |
| MA.X01.00.000.15770.004 | SECRETARIO/A XEFE/A DE AREA | AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS | SANTIAGO DE COMPOSTELA |
| MA.X99.10.000.15001.017 | ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A DE FUNCIONS FACULTATIVAS | DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DA CORUÑA | A CORUÑA |
| MA.X99.10.000.15001.039 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A | DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS | A CORUÑA |
| MA.X99.10.000.15001.052 | XEFATURA DE GRUPO III | DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS | A CORUÑA |
| MA.X99.10.000.27001.015 | ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A DE FUNCIONS FACULTATIVAS | DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS | LUGO |
| MA.X99.10.000.32001.020 | ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A DE FUNCIONS FACULTATIVAS | DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS | OURENSE |
| MA.X99.10.000.36001.012 | ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A DE FUNCIONS FACULTATIVAS | DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE | PONTEVEDRA |
| MA.X99.10.000.36001.026 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A | DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS | PONTEVEDRA |
| MA.X99.10.000.36001.029 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A | DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS | PONTEVEDRA |
| MA.X99.10.000.36001.030 | AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A | DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS | PONTEVEDRA |
| MA.X99.10.000.36001.033 | XEFATURA DE GRUPO | DELEGACIÓN PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS | PONTEVEDRA |
| PS.C02.00.000.15770.055 | POSTO BASE SUBGRUPO C2 | SECRETARÍA XERAL TÉCNICA | SANTIAGO DE COMPOSTELA |

Tamén se amortiza o posto de Xefatura de Área de Seguridade Viaria, cuxa dotación económica foi traspasada á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en virtude do acordo asinado o 23 de decembro de 2015 entre os secretarios xerais técnicos das consellerías de Infraestruturas e Vivenda e Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

| CÓDIGO DO POSTO | DENOMINACIÓN DO POSTO | UNIDADE DE ORIXE | LOCALIDADE |
|-------------------------|--|---------------------------|------------------------|
| MA.X01.00.003.15770.001 | XEFATURA ÁREA DE SEGURIDADE VIARIA (SUBD. XERAL) | ÁREA DE SEGURIDADE VIARIA | SANTIAGO DE COMPOSTELA |



4. MODIFICACIÓN DAS FORMAS DE PROVISIÓN DAS XEFATURAS DE SERVIZO DEPENDENTES DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

A forma de provisión das xefaturas de servizo pasa a ser a de concurso específico, consonte ao disposto no artigos 91 e 92 da LEPG

Non obstante o anterior, mantense como forma de provisión a libre designación para a cobertura das Xefaturas dos Servizos provinciais da Axencia Galega de Infraestruturas

O artigo 18 do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas, modificado polo Decreto 37/2017 encomenda aos servizos provinciais da Axencia a explotación das estradas, incluíndo as actividades de conservación ordinaria, mantemento e vialidade invernal da rede autonómica de estadas de Galicia que non sexan de explotación indirecta, realizadas con medios propios ou alleos

Estas funcións están incluídas no punto 4 apartado 4.1 da Resolución do 25 de febreiro de 2016 da Dirección Xeral da función Pública pola que se ditan instrucións para a tramitación das relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, como definidoras da *especial responsabilidade por garantir unha adecuada toma de decisións que supoñan a limitación de dereitos en situacións de alerta sanitaria e emerxencia (responsable da coordinación e dirección de funcionarios que, como titular do posto, exerce sobre decisións do persoal ao seu cargo e que teñen a capacidade de tomar decisións que supoñan a limitación de dereitos de libre circulación)*.

5. INCORPORACIÓN DAS ÁREAS FUNCIONAIS

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia sinala (art. 41.1, último parágrafo que: "A asignación de especialidades realizarase a través das relacións de postos de traballo, atendendo ás características dos postos".

Para o cumprimento de dito precepto procédese a adecuar a RPT ás áreas funcionais polas especialidades ou formacións específicas consideradas de utilidade para o desempeño de cada posto, de cara a posibilitar a súa correcta provisión, de conformidade co disposto na Orde do 10 de maio de 2017, pola que se modifica a Orde de 21 de novembro de 1989 pola que se fixan os criterios xerais para a elaboración das relacións de postos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, se aproba o modelo e se ditan instrucións para o cubrir.



6. OUTRAS MODIFICACIÓNS

No listado de equivalencias reflíctense ademais os postos afectados por outras modificacións da seguinte natureza:

- Apertura de prazas a outros grupos ou subgrupos, coa finalidade de facilitar a súa cobertura polo maior número de empregados públicos
- Cambios de denominación e novas codificacións para dotar dunha maior uniformidade á estrutura de relación de postos de traballo.
- Adaptación aos corpos/escalas previstos na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, para aqueles postos en virtude das específicas funcións que vaian a desenvolver

7.- INCORPORACIÓN DE PLUSES E COMPLEMENTOS ESPECÍFICOS DIFERENCIADOS

Incorpórase ao posto de condutor/a dependente da Axencia Galega de Infraestruturas o complemento de dispoñibilidade horaria, previsto no artigo 26.4 do V Convenio Colectivo Único do persoal laboral da Xunta de Galicia, a través do que se retribúe o feito de estar dispoñible para a realización dun traballo.

Este posto desempeña as funcións de traslado do persoal técnico da Axencia que, ben por motivo de visitas a obras ou ben pola necesidade de asistencia a reunións relacionadas coa actividade da Axencia de Infraestruturas precisan desprazarse, na mesma ou fóra da localidade do posto de traballo, coa conseguinte alteración do horario xeral fixado na Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2017

O Director Xeral da AXI
(PD.: Resolución 7/09/2017)
O Secretario Xeral Técnico



Joaquín Macho Canales